



ESPECIALISTAS EN ONCOCIRURXÍA MANTIVERON NO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO UNHA XORNADA DE TRABALLO

- *Trátase da primeira reunión que aborda especificamente este tema e nace con vontade de consolidarse a través de novas convocatorias*
- *Na Área Sanitaria de Vigo realízanse entre 2 e 3 intervencións cirúrxicas semanais de patoloxías relacionadas con cancro oncoxinecolóxico*

Vigo, 3 de xuño de 2024. O Hospital Álvaro Cunqueiro acolleu a *1 Xornada de Cirurxía Oncoxinecolóxica*, organizada por facultativos do Servizo de Xinecoloxía do hospital e co que se pretende por en común e actualizar coñecementos e prácticas relacionadas con este ámbito.



A xornada reuniu a persoal médico e de enfermaría da Área Sanitaria de Vigo, ademais de outros centros de Galicia e Portugal, e contou coa presenza de relatores procedentes de Galicia e o estranxeiro, abordando temas que foron dende o manexo das feridas e da dor nas postcirurxías oncoxinecolóxicas, ata novas liñas de investigación na cirurxía oncoxinecolóxica ou a cirurxía robótica en oncoxinecoloxía.

O acto final correu a cargo dun relator invitado, o *doutor Frédéric Guyon*, do *Institut Bergonié* (Francia). Frédéric Guyon é doutor en Cirurxía especializado no tratamento de cancros xinecolóxicos e tumores raros do peritoneo tratados mediante quimioterapia intraperitoneal hipertérmica (HIPEC) no Instituto Bergonié. Actualmente, é coordinador da plataforma técnica intervencionista do citado establecemento e tamén imparte cursos na Facultade de Medicina de Burdeos. Participa en numerosos cursos de posgrao así como é relator e organizador en congresos nacionais e internacionais.



Dúas partes

Esta I Xornada estivo dividida nunha sesión matinal e outra vespertina. Na sesión da mañá, desenvolvéronse diferentes relatorios no Salón de Actos do Hospital Álvaro Cunqueiro intercaladas con cirurxías, que trataron sobre limitacións da anatomía patolóxica interoperatoria, a optimización da paciente precirúrxica e o manexo da dor postcirúrxica neuropática. Así mesmo, o último destes relatorios matutinos tivo como tema o manexo tamén das feridas en cirurxia oncoxinecolóxica.

Xa pola tarde, de maneira presencial, cinco relatorios conformaron o programa desta I Xornada, nos que se abordaron temas como a cirurxía laparoscópica de cancro de cérvix, novas liñas de investigación no cancro oncolóxico ou o cancro de vulva, froito da linfadenectomía.

O acto clausurouse coa conferencia *Questions and expert session guide: Surgical oncologists answer questions about HIPEC, ovarian cancer and all the oncogynecology surgery*, a cargo da doutora Gloria Cordeiro, do Servizo de Xinecoloxía do Hospital Álvaro Cunqueiro, e o doutor Frédéric Guyon, do Institut Bergonié (Francia).

Vontade de permanencia

Na Área Sanitaria de Vigo realízanse entre 2 e 3 intervencións cirúrxicas semanais de patoloxías relacionadas con cancro oncoxinecolóxico.

Esta é a primeira convocatoria destas xornadas que nacen coa intención de ser convocadas anualmente, co fin de contar cunha excelente oportunidade de por en común novas técnicas e coñecementos neste ámbito.